Sobre as razóns da suspensión da construción dun tramo da senda ciclista proxectada entre O Milladoiro e Santiago de Compostela e as perspectivas que ten a Xunta de Galicia para a restauración dos danos producidos en espazos naturais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26410 (12/POC-004297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Carreira Pazos, Iria

Sobre a continuidade da oferta do mestrado en Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela e a postura da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26426 (12/POC-004298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a xestión orzamentaria da Consellería do Mar, a desviación de partidas correspondentes aos seus orzamentos e os programas que recibirán as contías non executadas por esta consellaría en 2024

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 26433 (12/POC-004299)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a equiparación dos coeficientes redutores das froas palangreira e arrastreira que traballan en augas internacionais cos dos buques conxeladores e as accións que desenvolveu ou prevé desenvolver o Goberno galego ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26442 (12/POC-004300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co obxectivo de conseguir a oficialidade do galego na Unión Europea e as accións que prevé levar a cabo con ese propósito

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26452 (12/POC-004301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis



Sobre a postura e as previsións que ten a dirección da CRTVG respecto da recuperación da xornada laboral de 35 horas semanais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26458 (12/POC-004302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto da recuperación da Área Sanitaria da Mariña dentro do mapa sanitario de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26469 (12/POC-004303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 4 máis

Sobre a construción da circunvalación de Carballo e os compromisos orzamentarios que prevé materializar o Goberno galego ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26470 (12/POC-004304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 4 máis

Sobre a construción da circunvalación de Carballo e os compromisos orzamentarios que prevé materializar o Goberno galego ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 26471 (12/POC-004305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 4 máis

Sobre a construción da circunvalación de Carballo e os compromisos orzamentarios que prevé materializar o Goberno galego ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26477 (12/POC-004306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a rehabilitación do pavimento da estrada AC-419 nos concellos de Malpica e Ponteceso e os compromisos orzamentarios do Goberno galego ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26478 (12/POC-004307)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a rehabilitación do pavimento da estrada AC-419 nos concellos de Malpica e Ponteceso e os compromisos orzamentarios do Goberno galego ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 26488 (12/POC-004308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as razóns para non manter o máster en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela e o establecemento dun equilibrio nos criterios normativos que atinxen ás universidades privadas e públicas de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26492 (12/POC-004309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación actual da planta de reciclaxe de Servia, no concello de Lousame, e a valoración que fai o Goberno galego da posibilidade de recuperala e modernizala

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 8274 (12/POC-001495)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia destinadas a desenvolver un modelo turístico propio e as medidas previstas para 2024

BOPG nº 70f2, do 23.08.2024

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. num. 26446.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a baixada de entregas do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica que sofre Galiza é unha evidencia e a fixación da poboación é actualmente imprescindible se non queremos que o número de aldeas baleiras aumente, ao igual que o fan aquelas que teñen un só habitante. A loita contra a desaparición do que coñecemos coma o noso rural ten como pata principal a xeración de emprego neste, acompañada por suposto da prestación de servizos, para que todas e todos os galegos residan onde residan gocen das mesmas vantaxes no seu día a día.

Neste emprego do que se falaba anteriormente, un dos sectores xeradores de postos de traballo máis potentes nestas áreas é o agrogandeiro, que en Galiza move millóns de euros en producións de carne, leite, mel, hortalizas ou froitas, por exemplo. Máis as flutuacións en canto a prezos en orixe e a cantidade de variables que inflúen na rendibilidade final dos agricultores e das gandeiras, entre outros factores, fan que o sector non sexa atractivo en exceso para as persoas novas do noso país, pechando empresas adicadas a este tipo de producións contantemente.

Un dos máis afectados pola problemática da falla de relevo xeracional, pola variación nas producións, as inclemencias climáticas e as crises sanitarias das últimas tempadas e así coma polas oscilacións nos prezos do produto é o sector lácteo galego. Este, de vital importancia na economía do noso país, supón case un 2% do noso PIB e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cumpre, asemade, unha función non menos importante no noso rural e a súa pervivencia, en risco cada vez maior de desaparecer.

O peche constante de explotacións, motivado polas crises reiteradas de prezos que amosan que o noso produto é o menos pagado do estado español, os contratos de curta duración que restan estabilidade e a falla de industria transformadora lastran, dende hai anos, o avance dos nosos gandeiros e gandeiras, cuxos fillos e fillas non optan na maioría dos casos por asumir a titularidade da explotación á hora da xubilación dos seus proxenitores, que en moitos casos se fan xa de xeito temperá, sen agardar a idade estipulada, contando con algo máis de 5000 na actualidade.

Este abandono de explotacións de produción de leite, na maior parte dos casos de tamaño pequeno e mediano, non é capaz de compensarse por vez primeira coa produción das grandes granxas, coma acaba de quedar patente nas últimas informacións que chegan dende o Ministerio de Agricultura, onde se expón unha baixada das nosas entregas de leite. Aínda que non pareza excesivo, o descenso do 0,78% nesta produción en comparanza co ano anterior, contrasta co habitual e recorrente nos últimos períodos analizados, onde sempre se foron mantendo as toneladas entregadas en Galiza, resistindo o peche, feito que agora non acontece.

Se a cantidade producida é menor á habitual e o prezo continúa a ser o menor do estado é previsible que o sector, na súa totalidade, ao non ser capaz de recoller o valor engadido, xere menos beneficios no noso país, algo que se traduce a nivel económico nas granxas e en moitos dos actores indirectos implicados, que tamén verán minguada a súa actividade.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Como valora o goberno da Xunta de Galiza a baixada da produción de leite no noso país segundo os últimos datos, contradicindo a tónica habitual dos derradeiros anos?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/05/2025 9:17:32

Sonia Vidal Lamas na data 23/05/2025 9:18:14

Secundino Fernández Fernández na data 23/05/2025 9:18:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26210
Data envío: 23/05/2025 09:23:38,621

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 9:23:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26210
Data envío: 23/05/2025 09:23:38,621

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iria Carreira Pazos, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a vontade da Xunta de Galiza para dar o visto e prace ao Grao de Enfermaría na Universidade privada UIE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa ocorrera hai uns meses cos casos do Grao de Psicoloxía e de Dereito da UIE e coa Universidade privada Emilia Pardo Bazán a Xunta de Galiza segue sen aclarar cal vai ser a súa postura sobre que a Universidade Intercontinental de la Empresa, a Universidade Abanca, imparta o Grao de Enfermaría, xa existente no Sistema Universitario Galego, é dicir, nas universidades públicas.

Deste xeito, no caso de permitir a implantación volveríase a contradicir a normativa que exige evitar duplicidades entre a universidade pública e a privada. Neste caso estamos a falar dun grao que se imparte nos sete campus universitarios galegos, polo que a duplicidade é máis que obvia.

Alén disto, mentres os sindicatos están a denunciar o evidente incumprimento da Lei Galega de 2013, a Xunta segue a facilitar a privatización do noso ensino universitario, ao mesmo tempo que continúa a infrafinanciar ás universidades públicas que a duras penas son capaces de facer fronte ao gasto estrutural das mesmas.

Por último, son as propias universidades públicas galegas as que criticaron publicamente esta decisión, cualificándoa como inxusta e como un ataque contra a lexislación galega, o que evidencia de novo como o goberno do PP segue sen escoitar ás universidades públicas do noso país.

Asinado o día 23/05/2025 ás
10:58
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 23/05/2025 ás
10:58
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza dar o seu visto e praxe á implantación do Grao de Enfermaría na Universidade Intercontinental de la Empresa (UIE)?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/05/2025 10:58:17

Iria Carreira Pazos na data 23/05/2025 10:58:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:02:05
Nº Rexistro: 26216
Data envío: 23/05/2025 11:02:05.421

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 11:02:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:02:05
Nº Rexistro: 26216
Data envío: 23/05/2025 11:02:05.421

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Xosé Manuel Golpe Acuña e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o peche da oficina de atención ao público de Naturgy en Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ten as competencias en materia de defensa das consumidoras e usuarias, as desenvolvemento económico e promoción do medio rural. Así a Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, establece a obriga da Xunta de Galiza de garantir o acceso equitativo aos servizos básicos, especialmente en zonas rurais afectadas polo despoboamento.

As comarcas da Baixa Limia e Terra de Celanova con 15 concellos e unha poboación de 24.832 habitantes están a enfrontar progresivo deterioro dos servizos esenciais, que vaise ver agravado pola decisión que ven de anunciar a empresa Naturgy de pechar a súa oficina en Celanova.

A oficina de Naturgy en Celanova é o punto de atención presencial para toda a poboación dos concellos de Bande, Entrimo, Lobios, Lobeira e Muíños, na Baixa Limia, que representan case 6.2000 habitantes; así como para todos os concellos da Comarca Celanova, que en conxunto suman máis de 18.500 habitantes. Este servizo permite á cidadanía realizar dende Celanova todas as xestións relacionadas cos seus contratos de subministración eléctrica, así como resolver as incidencias e trámites relacionados coa mesma.



O peche da oficina obriga á poboación dalgunhas localidades destas comarcas a desprazarse 150 km, á oficina de Naturgy en Ourense, o que non incrementa os custos de mantemento dun servizo esencial, senón que dificulta o acceso ao mesmo, nomeadamente para ese 54% da poboación destas comarcas que ten por formación ou idade ten maior dificultade para a relación telemática. Asemade, a limitada conectividade dixital nos fogares da Baixa Limia (só o 78% dos fogares ten acceso a internet de alta velocidade), dificultará a xestión telemática para a maioría dos usuarios, facendo inescusábel o seu desprazamento a cidade de Ourense.

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística dende o 2009 estas comarcas do suroeste ourensán levan perdido un 12% da súa poboación, tendo actualmente unha densidade de poboación de case unha terceira parte da media de Galiza, 25 hab/km2 fronte aos 93 da media galega. Este despoboamento, combinado coa redución de servizos básicos, compromete a cohesión territorial e o desenvolvemento económico da zona. Todo isto a pesares de que se trata dunha das principais zona do Estado en produción de enerxía hidroeléctrica, máis dun 20% da enerxía hidroeléctrica de Galiza xerase a través de encoros como os de Lobios e Bande, porén tal capacidade de produción de riqueza non está a permitir nin o desenvolvemento económico do territorio, nin está a reverter na mellor prestación de servizos para a poboación das localidades que si sofren as peaxes medio ambientais de contar con estas fontes de produción eléctrica e riqueza para esa mercantil.

A Xunta de Galiza, como administración competente en materia de protección ás consumidoras e usuarias, debe mediar coa empresa Naturgy, que opera baixo a autorización do Goberno galego para a distribución eléctrica en Galiza, para evitar o peche da oficina de atención ao público en Celanova, e que atende a poboación dun territorio que reporta importantes réditos a esta mercantil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto realizar o Goberno Galego para evitar o peche da oficina de Naturgy na vila de Celanova?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/05/2025 11:10:32

José Manuel Golpe Acuña na data 23/05/2025 11:10:43

Carmela González Iglesias na data 23/05/2025 11:10:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:13:06
Nº Rexistro: 26221
Data envío: 23/05/2025 11:13:06.115

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 11:13:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:13:06
Nº Rexistro: 26221
Data envío: 23/05/2025 11:13:06.115

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A carencia de médicos de determinadas especialidades é un problema xeral en toda España e que dificulta a xestión dos recursos sanitarios na actualidade.

Cubrir unha incapacidade temporal, unhas vacacións, unha xubilación ou calquera tipo de dereito laboral dos profesionais convértese nun quebradeiro de cabeza nas numerosas especialidades que non teñen médicos en lista de contratación.

É por isto que este Grupo Parlamentario incide en numerosas ocasións da necesidade de formar máis médicos, a través de aumentar o número de prazas acreditadas, cambiar o sistema de elección MIR e máis propostas.

Sabemos que a Xunta de Galicia leva tempo ofertando o 100% das prazas que lle acreditan nas especialidades con déficit de profesionais, poñendo todo da súa parte para solucionar o problema.

Concretamente na especialidade de medicina de familia coñecemos o aumento do 135% de prazas ofertadas dende o 2008, mostrando sen dúbidas o seu compromiso coa formación de novos médicos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da oferta de prazas de formación sanitaria especializada 2025/2026?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 10:26:02

Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 10:26:12

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 10:26:27



Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 10:26:40

Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 10:26:52

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 10:27:05

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 10:27:22

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 10:27:37

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 10:27:51



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A nosa Comunidade confórmase por un territorio cunha elevada dispersión xeográfica, o que supón un reto en canto a dar unha cobertura sanitaria igual de accesible para o total da nosa poboación. Hai que ter en conta que ao redor do 25% dos galegos residen en zonas rurais, cando a porcentaxe a nivel estatal é entorno ao 15%.

Sumado a isto, temos que ter en conta que a meirande parte da poboación que se atopa nestes núcleos, é poboación cun alto índice de envellecemento e unha elevada prevalencia de enfermidades crónicas. Isto fai que a abordaxe dos pacientes adquira unha relevancia de primeiro nivel na poboación rural.

O medio rural mostra unhas características particulares que condicionan a atención sanitaria, nomeadamente a atención primaria, polo que se deben adaptar os recursos existentes a unha forma óptima de prestación de servizos.

A fortaleza do Servizo Galego de Saúde sempre foi a súa versatilidade e adaptabilidade á realidade do territorio galego para garantir en todo momento unha cobertura sanitaria de calidade adecuada á poboación, viva onde viva.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha en atención primaria para as zonas rurais?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 10:36:59

Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 10:37:10



Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 10:37:22

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 10:37:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 10:37:45

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 10:37:57

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 10:38:10

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 10:38:22

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 10:38:37



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As disfuncións do solo pelviano son unha das causas máis frecuentes de dor pelviana, perda ocasional do control de esfínteres, prolapso de vexiga, útero ou recto, vulvodinia, dor durante as relacións sexuais ou estrinximento.

Estes problemas de saúde poden ter a súa orixe na debilidade dos músculos do solo pelviano ou na súa contracción involuntaria e repentina causadas por múltiples factores, como o parto, unha cirurxía pelviana, un traumatismo ou determinadas patoloxías, como a endometriose, a fibromialxia ou a cistite intersticial, entre outras.

Todas estas problemáticas teñen grande impacto sobre a calidade de vida das mulleres, podendo limitar a súa liberdade, o xeito de relacionarse nas súas actividades sociais e reducir a súa autoestima.

Moitas disfuncións do solo pelviano pódense previr ou tratar de evitar que evolucionen a graos máis graves que precisarían xa de tratamento cirúrxico ou rehabilitador.

O compromiso da Xunta de Galicia coa saúde das mulleres é manifesto, levando a cabo accións que buscan a mellora da súa atención nas patoloxías que lle son propias. Recentemente tivemos coñecemento que o Servizo de Galego de Saúde actualizou a súa guía sobre a abordaxe en atención primaria das disfuncións do solo pelviano feminino.

Por todo isto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras recolle a nova guía sobre a abordaxe en atención primaria das disfuncións do solo pelviano feminino aprobada pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 10:42:07



Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 10:42:18

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 10:42:32

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 10:42:44

Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 10:42:55

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 10:43:11

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 10:43:24

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 10:43:36

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 10:43:50



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia implantou, neste curso académico, por primeira vez a gratuidade das matrículas universitarias, converténdose así na única comunidade autónoma na que a educación é gratuítas dende os 0-3 anos ata os graos universitarios superiores. Esta medida, destinada a favorecer o acceso á educación superior, reducir as barreiras económicas e garantir a igualdade de oportunidades, marcou un fito no sistema universitario galego, beneficiando ao estudantado que cumpre cos requisitos establecidos.

A implantación desta política supón un importante esforzo por parte do Goberno galego no plano orzamentario. Co curso xa rematado, é oportuno avaliar como foi o proceso de implantación, cal foi a acollida por parte do alumnado e das institucións universitarias, e que datos se poden extraer sobre a evolución da matrícula universitaria neste novo contexto de gratuidade.

Neste sentido, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego da implantación da gratuidade das matrículas universitarias neste primeiro curso académico?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 11:06:54

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 11:07:10

José Luis Ferro Iglesias na data 23/05/2025 11:07:21

Julio García Comesaña na data 23/05/2025 11:07:33



Patricia García González na data 23/05/2025 11:07:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/05/2025 11:07:56

Carmen Pomar Tojo na data 23/05/2025 11:08:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/05/2025 11:08:25

Raúl Santamaría González na data 23/05/2025 11:08:34

Cecilia Vázquez Suárez na data 23/05/2025 11:08:47



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A lingua galega é un elemento fundamental da identidade e cultura de Galicia, que contribúe a enriquecer a diversidade lingüística e cultural da nosa comunidade. A mocidade galega é unha peza clave para garantir a vitalidade e continuidade do galego, e o seu compromiso co uso da lingua é esencial para fortalecer a súa presenza en todos os ámbitos da sociedade.

O Goberno galego desempeña un papel fundamental na promoción e difusión do galego, impulsando diversas accións que favorecen o seu uso e visibilidade, especialmente entre os mozos e mozas. A formación, o fomento da creación cultural, o apoio a iniciativas xuvenís e a presenza do galego nos medios de comunicación e nas plataformas dixitais son elementos clave para consolidar unha lingua viva e dinámica entre as novas xeracións.

Diante deste contexto, é importante coñecer as medidas e proxectos que o Goberno galego está a desenvolver para seguir promovendo o uso da lingua galega entre a xuventude, asegurando que o galego siga sendo unha lingua de presente e futuro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué medidas está a impulsar o Goberno galego para promover o uso da lingua galega entre a xuventude en Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 11:42:54

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 11:43:08



José Luis Ferro Iglesias na data 23/05/2025 11:43:19

Julio García Comesaña na data 23/05/2025 11:43:32

Patricia García González na data 23/05/2025 11:43:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/05/2025 11:43:59

Carmen Pomar Tojo na data 23/05/2025 11:44:13

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/05/2025 11:44:28

Raúl Santamaría González na data 23/05/2025 11:44:38

Cecilia Vázquez Suárez na data 23/05/2025 11:44:52



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación laboral da mocidade é un dos principais retos sociais e económicos tanto en Galicia como no conxunto do Estado. A transición cara ao mercado de traballo segue a representar un desafío para a poboación nova, especialmente en termos de estabilidade, calidade do emprego e oportunidades de desenvolvemento profesional.

Nos últimos tempos, Galicia amosa unha evolución positiva nos indicadores vinculados á empregabilidade xuvenil, situándose por riba da media estatal en certos aspectos. Esta tendencia, aínda que é alentadora, require de continuidade, seguimento e reforzo para garantir un bo futuro para as novas xeracións.

Neste contexto, resulta oportuno coñecer o grao de implicación e esforzo do Goberno galego para consolidar e mellorar esta dinámica positiva, así como para facer fronte aos retos que aínda persisten.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que estratexias está a impulsar a Xunta de Galicia para mellorar e consolidar a empregabilidade da mocidade galega a medio e longo prazo?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 11:17:18

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 11:17:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 11:17:52

Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 11:18:03

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 11:18:21



Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 11:18:38

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 11:18:50

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 11:19:04

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 11:19:18





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

O casco vello de Corme Porto, situado no concello de Ponteceso, representa un exemplo claro da situación crítica que atravesan moitos núcleos históricos galegos. Trátase dunha vila mariñeira con grande identidade cultural e patrimonial, marcada pola súa relación co mar e coa tradición percebeira, mais que nos últimos anos está a sufrir un proceso acelerado de despoboamento, abandono e degradación urbana.

Numerosas vivendas do centro histórico atópanse actualmente baleiras, deterioradas ou directamente en ruínas, sen que existan instrumentos efectivos que permitan a súa recuperación. A situación vese agravada pola complexidade legal que impide a súa venda ou rehabilitación: moitas propiedades pertencen a múltiples herdeiros, están fóra do mercado inmobiliario ou carecen dunha titularidade clara. Esta realidade supón un freo evidente para a iniciativa privada e contribúe á parálise do tecido urbano e social da vila.





Asemade, Corme sofre unha desertización demográfica evidente, cunha poboación envellecida e a emigración continua da xente nova pola falta de oportunidades laborais e residenciais. A perda de habitantes vai acompañada da desaparición de servizos, do peche de negocios locais e da progresiva perda de vitalidade comunitaria.

Neste contexto, cómpre sinalar que Corme Porto non está incluído no Plan Rexurbe da Xunta de Galicia, un instrumento especificamente deseñado para actuar sobre este tipo de situacións. O Plan Rexurbe, impulsado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), ten como obxectivo revitalizar os cascos históricos mediante a adquisición, rehabilitación e posterior venda ou alugueiro de vivendas con criterios sociais e patrimoniais. A súa aplicación en concellos como Ferrol, Ribadavia, Betanzos ou Viveiro está a dar resultados positivos, freando o abandono e favorecendo o asentamento de nova poboación.

A exclusión de Corme Porto deste plan resulta especialmente incomprensible, tendo en conta que reúne todos os requisitos: un casco histórico con vivendas abandonadas, dificultades para a rehabilitación privada, perda de poboación, valor patrimonial e risco de desaparición do seu tecido social. Así pois, urxe incorporar o casco vello de Corme Porto ao Plan Rexurbe, dotando ao núcleo histórico dos medios necesarios para recuperar vivendas, atraer nova poboación, revitalizar a actividade económica e preservar o seu valor patrimonial e cultural. A intervención pública é, neste caso, non só necesaria, senón tamén unha obriga ética e política para evitar que Corme siga camiño da desaparición funcional como vila habitada e viva.

A revitalización do casco vello de Corme Porto é posible, pero precisa vontade política, recursos e unha planificación integral, así pois, o Plan Rexurbe representa a ferramenta idónea para iniciar ese camiño.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 12:20:03
Nº Rexistro: 26252
Data envío: 23/05/2025 12:20:03.126

Cando ten previsto a Xunta de Galicia incluír o casco vello de Corme Porto no Plan Rexurbe para abordar o seu despoboamento, rehabilitar vivendas e revitalizar a economía local?

Santiago de Compostela, a 23 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2025 12:14:19

Carlos López Font na data 23/05/2025 12:14:31

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

87503

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as axudas concedidas polo IGAPE ao Real Club Celta de Vigo S.A.D. en 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galiza do pasado luns 9 de setembro de 2024 deuse publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas polo Instituto Galego de Promoción Económica durante o primeiro e o segundo trimestres de 2023.

Entre estes, deuse coñecemento dunha axuda recibida polo Real Club Celta de Vigo S.A.D. (RCCV) por valor de 2.500.000€ para un importe subvencionable de 4.166.666,67€ a través da aplicación orzamentaria 06.A1-741A-7706 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica.

A normativa que rexe esta axuda é a RESOLUCIÓN do 22 de xullo de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (programa Infraestruturas estratéxicas abertas), promovidas por grandes empresas galegas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva co código de procedemento IG408D.

Estas bases reguladoras establecen textualmente como obxectivo das axudas “o de apoiar a posta en marcha de proxectos de infraestruturas locais de uso compartido que teñan como finalidade o desenvolvemento da contorna das empresas e dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consumidores, e a modernización e desenvolvemento da base industrial, co fin de mellorar a súa competitividade.” onde tamén engade “...que hai demanda e disposición desde empresas tractoras galegas cara á creación desta tipoloxía de infraestruturas xerando interesantes posibilidades, facilitando a capacidade financeira do promotor e, por conseguinte, a de xestión solvente das infraestruturas que se van crear, así como apoiarse na capacidade tractora destas grandes empresas para a utilización de infraestruturas estratéxicas polo tecido empresarial e emprendedor de Galicia...”.

Así mesmo estas bases reguladoras establecen no seu Artigo 1 punto 2:

“2. Non serán subvencionables os proxectos de desenvolvemento de infraestruturas de investigación, de agrupacións empresariais innovadoras, sistemas urbanos de calefacción e refrixeración enerxeticamente eficientes, infraestruturas de enerxía, reciclaxe e reutilización de residuos, infraestruturas de banda ancha, cultura e conservación do patrimonio, infraestruturas deportivas e recreativas multifuncionais, aeroportos e portos”.

Estas axudas establecen o máximo de subvención do 60% dos proxectos cunha contía máxima de 2.500.000€, que é o resultado da subvención recibida polo RCCV ao aplicar o 60% á contía subvencionable de 4.166.666,67€ (exactamente 2.500.000,002).

Así e todo cómpre sinalar que o RCCV non está exento de polémica na súa relación co Goberno Galego, como coa construción da Cidade Deportiva Afouteza a cal, enmarcada dentro do proxecto Galicia Sport 360, e elevado a Proxecto de Interese Autonómico (PIA) polo Goberno Galego co obxectivo de saltarse a legalidade regular, foi declarada ilegal polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e tamén, recentemente, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil vén de informar sobre a apertura dun expediente sancionador debido a verteduras de augas residuais nesta mesma cidade deportiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para calquera galega ou galego que intente buscar, tanto na páxina do IGAPE como no portal de transparencia da Xunta de Galiza esta axuda, atópase con que non existen coincidencias nin co título nin co número de expediente do mesmo, o que dificulta, alén da función de transparencia, a labor de fiscalización do Goberno por parte dos Grupos Parlamentarios, nomeadamente para unha subvención resolta xa no mes de maio de 2023.

Polo tanto é de interese coñecer cal foi o proxecto de creación de infraestruturas en Galiza que contribúe a nivel local a mellorar a contorna das empresas e dos consumidores e a modernizar e desenvolver a base industrial no país presentado polo RCCV, empresa rexistrada con CNAE 2009: 9319- Outras actividades deportivas, que se sitúan no obxecto de “Xestión de instalacións deportivas. Actividades dos clubs deportivos. Outras actividades deportivas”.

Así mesmo a data máxima de execución do proxecto marcábase nun primeiro momento no 1 de xuño de 2024, mais no DOG do 30 de maio de 2024 ampliase este prazo até o 28 de abril de 2025 baixo a seguinte xustificación:

“Dado o carácter estratéxico dos proxectos obxecto destas axudas, de creación de infraestruturas en Galicia que contribúan a mellorar a contorna das empresas e dos consumidores e a modernizar e desenvolver a base industrial, cun investimento global para a creación da infraestrutura inferior a 20.000.000 €, ocasionan, entre outros, tramitacións necesarias para a adquisición de parcelas, trámites administrativos para a súa legalización, obtención de licenzas e importantes atrasos para o inicio dos proxectos de investimento aprobados, que impedirían a implantación no prazo establecido dos proxectos aprobados”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que proxecto presentado polo Real Club Celta de Vigo S.A.D. motivou a concesión dunha axuda de 2.500.000€ e en que xeito cumpriu os obxectivos de dinamización industrial obxecto destas axudas?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/05/2025 12:29:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/05/2025 12:29:11

Alexandra Fernández Gómez na data 23/05/2025 12:29:21

Carmela González Iglesias na data 23/05/2025 12:29:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Rosana Pérez Fernández, Óscar Insua Lema, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o traballo realizado pola Oficina Económica de Galiza dependente do IGAPE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual Oficina Económica existe dende o pasado 1 de xaneiro, momento no que entra en vigor a reformulación da anterior Oficina Doing Business Galicia a través da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Lei de acompañamento) e a supresión da Unidade Galicia Emprende.

Entre as cuestións chave que trataría esta oficina, a cal se organiza dentro do Instituto Galego de Promoción Económica, está a de ser “o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei [Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas] para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e na tramitación das iniciativas empresariais, así como do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais”

Analizando as funcións desta oficina poderíanse resumir en tres apartados:

- a) Ser o punto de contacto centralizado e singular para dar información e soporte á hora de materializar novos proxectos empresariais.
- b) Valorar aqueles proxectos susceptibles de seren declarados proxectos industriais estratéxicos así como actuar sobre os xa declarados en risco de continuidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Elaborar un informe anual de actividade.

Así e todo, no mes de setembro [2024] a Conselleira de Economía en Industria, a sra. Maria Jesús Lorenzana, nunha visita ás instalacións da Oficina Económica (no edificio do IGAPE) puxo en valor o traballo realizado por esta oficina dende o mes de abril, onde cuantificaba o número de consultas realizadas en máis de 5000 e puña en valor que este instrumento público conta cun persoal de máis de 100 persoas traballando na oficina.

Deste volume de solicitudes de información, dende a propia administración, salientase o asesoramento personalizado a 146 proxectos.

Se se analizan os proxectos declarados Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en Galiza dende abril, só se anunciaron dous novos proxectos en Consello da Xunta. O primeiro, a reapertura da Mina de Touro-O Pino, proxecto presentado por Cobre San Rafael, cunha declaración de investir preto de 200 millóns de euros, mais só aparece a nivel de nota de prensa, xa que nin no Diario Oficial de Galiza nin na propia páxina da Consellería de Industria se pode atopar información concluínte ao respecto desta declaración como PIE. Na mesma liña se atopa o segundo PIE declarado, a planta de hidróxeno verde Arteixo H2V (que xa fora declarado IEP en decembro de 2023) do que só se coñecen as notas de prensa que trasladou o Goberno Galego.

Se se analiza outra das fórmulas para poñer en valor proxectos empresariais, están as Iniciativas Empresariais Prioritarias (IEP), das cales dende o mes de abril só se declararon dúas novas iniciativas, que no total suman vinte e sete.

En último lugar cando se contrastan estes datos cos do descenso reiterado do Índice de Producción Industrial (IPI) no territorio Galego, onde o último dato de variación interanual ofrecido polo Instituto Galego de Estadística (Xuño 2024) situaba unha caída de 3.3 puntos porcentuais deixa en entredito se o conxunto industrial do país se está a ver beneficiado da xestión desta oficina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo isto, cabe preguntarse se a xestión que se está a realizar dende a tan anunciada Oficina Económica está a dar como resultado unha dinamización real do tecido produtivo galego, se está xustificada a inversión de 6 millóns de euros para unha oficina, que no práctico se pode dicir que xa existía, e como encaixa para o volume de traballo unha dotación de persoal de máis de 100 profesionais.

Así mesmo, cómpre salientar que dentro das funcións de acompañamento e de coordinación entre as empresas que buscan asesoramento hai certo solapamento entre esta oficina e a Oficina de Coordinación Económica dependente da Presidencia da Xunta, a cal, segundo as últimas declaracións do seu secretario xeral en sesión da Comisión 3ª do Parlamento de Galiza, ten por obxectivo promover e coordinar a posta en marcha de proxectos estratéxicos para Galiza. É canto menos curioso que existan dúas entidades de características tan similares dentro do organigrama do goberno galego.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno Galego da utilidade e xustificación de recursos económicos e humanos destinados á Oficina Económica de Galiza en base ao número de consultas realizadas dende abril de 2024?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Óscar Insua Lema

Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/05/2025 12:35:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/05/2025 12:35:29

Óscar Insua Lema na data 23/05/2025 12:35:37

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2025 12:35:47

Rosana Pérez Fernández na data 23/05/2025 12:36:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Iria Carreira Pazos e Ariadna Fernández González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración que fai o Goberno Galego respecto ao impacto socioeconómico do proxecto Gamma cuestionado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto Gamma foi declarado unilateralmente como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en 2022, así e todo, cando se deu a coñecer o calado real, a temática completa e o impacto de dito proxecto, xurdiu arredor de todo o país un rexeitamento maioritario á súa implantación.

Comezando por asociacións e organizacións na defensa ambiental até estudos das universidades dende diferentes eidos, o clamor pola paralización do proxectos percorreu o territorio, cristalizando en dúas mobilizacións masivas en Palas de Rei e San Caetano (Santiago de Compostela).

Así e todo, os estudos independentes sobre dito proxecto e o seu impacto seguen a continuar e, alén do prexudicial para o medio e para o patrimonio, está tamén o estudo, segundo os datos facilitados no propio proxecto, do suposto beneficio socioeconómico que traería o proxecto.

Con todo, o mes de setembro de 2024, viuse de coñecer o informe do estudo realizado polo Consello da Cultura Galega onde se analizou o impacto do proxecto de





OFICINA PARLAMENTAR
A carencia de médicos de determinadas especialidades é un problema xeral en toda España e que dificulta a xestión dos recursos sanitarios na actualidade.

Cubrir unha incapacidade temporal, unhas vacacións, unha xubilación ou calquera tipo de dereito laboral dos profesionais convértese nun quebradeiro de cabeza nas numerosas especialidades que non teñen médicos en lista de contratación.

É por isto que este Grupo Parlamentario incide en numerosas ocasións da necesidade de formar máis médicos, a través de aumentar o número de prazas acreditadas, cambiar o sistema de elección MIR e máis propostas.

Sabemos que a Xunta de Galicia leva tempo ofertando o 100% das prazas que lle acreditan nas especialidades con déficit de profesionais, poñendo todo da súa parte para solucionar o problema.

Concretamente na especialidade de medicina de familia coñecemos o aumento do 135% de prazas ofertadas dende o 2008, mostrando sen dúbidas o seu compromiso coa formación de novos médicos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da oferta de prazas de formación sanitaria especializada 2025/2026?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 10:23:47

Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 10:23:58



Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 10:24:13

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 10:24:25

Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 10:24:38

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 10:24:50

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 10:25:02

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 10:25:14

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 10:25:28



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A nosa Comunidade confórmase por un territorio cunha elevada dispersión xeográfica, o que supón un reto en canto a dar unha cobertura sanitaria igual de accesible para o total da nosa poboación. Hai que ter en conta que ao redor do 25% dos galegos residen en zonas rurais, cando a porcentaxe a nivel estatal é entono ao 15%.

Sumado a isto, temos que ter en conta que a meirande parte da poboación que se atopa nestes núcleos, é poboación cun alto índice de envellecemento e unha elevada prevalencia de enfermidades crónicas. Isto fai que a abordaxe dos pacientes adquira unha relevancia de primeiro nivel na poboación rural.

O medio rural mostra unhas características particulares que condicionan a atención sanitaria, nomeadamente a atención primaria, polo que se deben adaptar os recursos existentes a unha forma óptima de prestación de servizos.

A fortaleza do Servizo Galego de Saúde sempre foi a súa versatilidade e adaptabilidade á realidade do territorio galego para garantir en todo momento unha cobertura sanitaria de calidade adecuada á poboación, viva onde viva.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha en atención primaria para as zonas rurais?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 10:34:40



Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 10:34:56

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 10:35:09

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 10:35:22

Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 10:35:33

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 10:35:47

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 10:35:59

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 10:36:13

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 10:36:28



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

As disfuncións do solo pelviano son unha das causas máis frecuentes de dor pelviana, perda ocasional do control de esfínteres, prolapso de vexiga, útero ou recto, vulvodinia, dor durante as relacións sexuais ou estrinximento.

Estes problemas de saúde poden ter a súa orixe na debilidade dos músculos do solo pelviano ou na súa contracción involuntaria e repentina causadas por múltiples factores, como o parto, unha cirurxía pelviana, un traumatismo ou determinadas patoloxías, como a endometriose, a fibromialxia ou a cistite intersticial, entre outras.

Todas estas problemáticas teñen grande impacto sobre a calidade de vida das mulleres, podendo limitar a súa liberdade, o xeito de relacionarse nas súas actividades sociais e reducir a súa autoestima.

Moitas disfuncións do solo pelviano pódense previr ou tratar de evitar que evolucionen a graos máis graves que precisarían xa de tratamento cirúrxico ou rehabilitador.

O compromiso da Xunta de Galicia coa saúde das mulleres é manifesto, levando a cabo accións que buscan a mellora da súa atención nas patoloxías que lle son propias. Recentemente tivemos coñecemento que o Servizo de Galego de Saúde actualizou a súa guía sobre a abordaxe en atención primaria das disfuncións do solo pelviano feminino.

Por todo isto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que melloras recolle a nova guía sobre a abordaxe en atención primaria das disfuncións do solo pelviano feminino aprobada pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 10:39:22



Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 10:39:37

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 10:39:53

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 10:40:05

Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 10:40:16

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 10:40:29

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 10:40:41

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 10:40:54

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 10:41:12



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia implantou, neste curso académico, por primeira vez a gratuidade das matrículas universitarias, converténdose así na única comunidade autónoma na que a educación é gratuítas dende os 0-3 anos ata os graos universitarios superiores. Esta medida, destinada a favorecer o acceso á educación superior, reducir as barreiras económicas e garantir a igualdade de oportunidades, marcou un fito no sistema universitario galego, beneficiando ao estudantado que cumpre cos requisitos establecidos.

A implantación desta política supón un importante esforzo por parte do Goberno galego no plano orzamentario. Co curso xa rematado, é oportuno avaliar como foi o proceso de implantación, cal foi a acollida por parte do alumnado e das institucións universitarias, e que datos se poden extraer sobre a evolución da matrícula universitaria neste novo contexto de gratuidade.

Neste sentido, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego da implantación da gratuidade das matrículas universitarias neste primeiro curso académico, e cal considera que foi o seu impacto no acceso á educación superior en Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 11:03:54

Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 11:04:19

José Luis Ferro Iglesias na data 23/05/2025 11:04:30

Julio García Comesaña na data 23/05/2025 11:04:44



Patricia García González na data 23/05/2025 11:04:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/05/2025 11:05:12

Carmen Pomar Tojo na data 23/05/2025 11:05:26

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/05/2025 11:05:43

Raúl Santamaría González na data 23/05/2025 11:05:52

Cecilia Vázquez Suárez na data 23/05/2025 11:06:19



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A lingua galega é un elemento fundamental da identidade e cultura de Galicia, que contribúe a enriquecer a diversidade lingüística e cultural da nosa comunidade. A mocidade galega é unha peza clave para garantir a vitalidade e continuidade do galego, e o seu compromiso co uso da lingua é esencial para fortalecer a súa presenza en todos os ámbitos da sociedade.

O Goberno galego desempeña un papel fundamental na promoción e difusión do galego, impulsando diversas accións que favorecen o seu uso e visibilidade, especialmente entre os mozos e mozas. A formación, o fomento da creación cultural, o apoio a iniciativas xuvenís e a presenza do galego nos medios de comunicación e nas plataformas dixitais son elementos clave para consolidar unha lingua viva e dinámica entre as novas xeracións.

Diante deste contexto, é importante coñecer as medidas e proxectos que o Goberno galego está a desenvolver para seguir promovendo o uso da lingua galega entre a xuventude, asegurando que o galego siga sendo unha lingua de presente e futuro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a impulsar o Goberno galego para promover o uso da lingua galega entre a xuventude en Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 11:09:58



Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 11:10:10

José Luis Ferro Iglesias na data 23/05/2025 11:10:21

Julio García Comesaña na data 23/05/2025 11:10:32

Patricia García González na data 23/05/2025 11:10:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/05/2025 11:10:57

Carmen Pomar Tojo na data 23/05/2025 11:11:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/05/2025 11:11:26

Raúl Santamaría González na data 23/05/2025 11:11:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 23/05/2025 11:11:46



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación laboral da mocidade é un dos principais retos sociais e económicos tanto en Galicia como no conxunto do Estado. A transición cara ao mercado de traballo segue a representar un desafío para a poboación nova, especialmente en termos de estabilidade, calidade do emprego e oportunidades de desenvolvemento profesional.

Nos últimos tempos, Galicia amosa unha evolución positiva nos indicadores vinculados á empregabilidade xuvenil, situándose por riba da media estatal en certos aspectos. Esta tendencia, aínda que é alentadora, require de continuidade, seguimento e reforzo para garantir un bo futuro para as novas xeracións.

Neste contexto, resulta oportuno coñecer o grao de implicación e esforzo do Goberno galego para consolidar e mellorar esta dinámica positiva, así como para facer fronte aos retos que aínda persisten.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que estratexias está a impulsar a Xunta de Galicia para mellorar e consolidar a empregabilidade da mocidade galega a medio e longo prazo?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 23/05/2025 11:14:36

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 11:14:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/05/2025 11:15:04

Raquel Arias Rodríguez na data 23/05/2025 11:15:14



Víctor Baladrón Lamas na data 23/05/2025 11:15:30

Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/05/2025 11:15:43

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 11:15:57

Ethel Vázquez Mourelle na data 23/05/2025 11:16:09

Maria Magdalena Perez Millares na data 23/05/2025 11:16:22





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.º, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

O casco vello de Corme Porto, situado no concello de Ponteceso, representa un exemplo claro da situación crítica que atravesan moitos núcleos históricos galegos. Trátase dunha vila mariñeira con grande identidade cultural e patrimonial, marcada pola súa relación co mar e coa tradición percebeira, mais que nos últimos anos está a sufrir un proceso acelerado de despoboamento, abandono e degradación urbana.

Numerosas vivendas do centro histórico atópanse actualmente baleiras, deterioradas ou directamente en ruínas, sen que existan instrumentos efectivos que permitan a súa recuperación. A situación vese agravada pola complexidade legal que impide a súa venda ou rehabilitación: moitas propiedades pertencen a múltiples herdeiros, están fóra do mercado inmobiliario ou carecen dunha titularidade clara. Esta realidade supón un freo evidente para a iniciativa privada e contribúe á parálise do tecido urbano e social da vila.





Asemade, Corme sofre unha desertización demográfica evidente, cunha poboación envellecida e a emigración continua da xente nova pola falta de oportunidades laborais e residenciais. A perda de habitantes vai acompañada da desaparición de servizos, do peche de negocios locais e da progresiva perda de vitalidade comunitaria.

Neste contexto, cómpre sinalar que Corme Porto non está incluído no Plan Rexurbe da Xunta de Galicia, un instrumento especificamente deseñado para actuar sobre este tipo de situacións. O Plan Rexurbe, impulsado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), ten como obxectivo revitalizar os cascos históricos mediante a adquisición, rehabilitación e posterior venda ou alugueiro de vivendas con criterios sociais e patrimoniais. A súa aplicación en concellos como Ferrol, Ribadavia, Betanzos ou Viveiro está a dar resultados positivos, freando o abandono e favorecendo o asentamento de nova poboación.

A exclusión de Corme Porto deste plan resulta especialmente incomprensible, tendo en conta que reúne todos os requisitos: un casco histórico con vivendas abandonadas, dificultades para a rehabilitación privada, perda de poboación, valor patrimonial e risco de desaparición do seu tecido social. Así pois, urxe incorporar o casco vello de Corme Porto ao Plan Rexurbe, dotando ao núcleo histórico dos medios necesarios para recuperar vivendas, atraer nova poboación, revitalizar a actividade económica e preservar o seu valor patrimonial e cultural. A intervención pública é, neste caso, non só necesaria, senón tamén unha obriga ética e política para evitar que Corme siga camiño da desaparición funcional como vila habitada e viva.

A revitalización do casco vello de Corme Porto é posible, pero precisa vontade política, recursos e unha planificación integral, así pois, o Plan Rexurbe representa a ferramenta idónea para iniciar ese camiño.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 12:19:36
Nº Rexistro: 26251
Data envío: 23/05/2025 12:19:36.205

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia incluír o casco vello de Corme Porto no Plan Rexurbe para abordar o seu despoboamento, rehabilitar vivendas e revitalizar a economía local?
2. Prevé a Xunta facilitar axudas directas ás persoas que queiran rehabilitar vivendas no casco vello de Corme Porto?

Santiago de Compostela, a 23 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2025 12:13:46

Carlos López Font na data 23/05/2025 12:13:56

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

87663

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as axudas concedidas polo IGAPE ao Real Club Celta de Vigo S.A.D. en 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galiza do pasado luns 9 de setembro de 2024 deuse publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas polo Instituto Galego de Promoción Económica durante o primeiro e o segundo trimestres de 2023.

Entre estes, deuse coñecemento dunha axuda recibida polo Real Club Celta de Vigo S.A.D. (RCCV) por valor de 2.500.000€ para un importe subvencionable de 4.166.666,67€ a través da aplicación orzamentaria 06.A1-741A-7706 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica.

A normativa que rexe esta axuda é a RESOLUCIÓN do 22 de xullo de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (programa Infraestruturas estratéxicas abertas), promovidas por grandes empresas galegas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva co código de procedemento IG408D.

Estas bases reguladoras establecen textualmente como obxectivo das axudas “o de apoiar a posta en marcha de proxectos de infraestruturas locais de uso compartido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que teñan como finalidade o desenvolvemento da contorna das empresas e dos consumidores, e a modernización e desenvolvemento da base industrial, co fin de mellorar a súa competitividade.” onde tamén engade “...que hai demanda e disposición desde empresas tractoras galegas cara á creación desta tipoloxía de infraestruturas xerando interesantes posibilidades, facilitando a capacidade financeira do promotor e, por conseguinte, a de xestión solvente das infraestruturas que se van crear, así como apoiarse na capacidade tractora destas grandes empresas para a utilización de infraestruturas estratéxicas polo tecido empresarial e emprendedor de Galicia...”.

Así mesmo estas bases reguladoras establecen no seu Artigo 1 punto 2:

“2. Non serán subvencionables os proxectos de desenvolvemento de infraestruturas de investigación, de agrupacións empresariais innovadoras, sistemas urbanos de calefacción e refrixeración enerxeticamente eficientes, infraestruturas de enerxía, reciclaxe e reutilización de residuos, infraestruturas de banda ancha, cultura e conservación do patrimonio, infraestruturas deportivas e recreativas multifuncionais, aeroportos e portos”.

Estas axudas establecen o máximo de subvención do 60% dos proxectos cunha contía máxima de 2.500.000€, que é o resultado da subvención recibida polo RCCV ao aplicar o 60% á contía subvencionable de 4.166.666,67€ (exactamente 2.500.000,002).

Así e todo cómpre sinalar que o RCCV non está exento de polémica na súa relación co Goberno Galego, como coa construción da Cidade Deportiva Afouteza a cal, enmarcada dentro do proxecto Galicia Sport 360, e elevado a Proxecto de Interese Autonómico (PIA) polo Goberno Galego co obxectivo de saltarse a legalidade regular, foi declarada ilegal polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e tamén, recentemente, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil vén de informar sobre a apertura dun expediente sancionador debido a verteduras de augas residuais nesta mesma cidade deportiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para calquera galega ou galego que intente buscar, tanto na páxina do IGAPE como no portal de transparencia da Xunta de Galiza esta axuda, atópase con que non existen coincidencias nin co título nin co número de expediente do mesmo, o que dificulta, alén da función de transparencia, a labor de fiscalización do Goberno por parte dos Grupos Parlamentarios, nomeadamente para unha subvención resolta xa no mes de maio de 2023.

Polo tanto é de interese coñecer cal foi o proxecto de creación de infraestruturas en Galiza que contribúe a nivel local a mellorar a contorna das empresas e dos consumidores e a modernizar e desenvolver a base industrial no país presentado polo RCCV, empresa rexistrada con CNAE 2009: 9319- Outras actividades deportivas, que se sitúan no obxecto de “Xestión de instalacións deportivas. Actividades dos clubs deportivos. Outras actividades deportivas”.

Así mesmo a data máxima de execución do proxecto marcábase nun primeiro momento no 1 de xuño de 2024, mais no DOG do 30 de maio de 2024 ampliase este prazo até o 28 de abril de 2025 baixo a seguinte xustificación:

“Dado o carácter estratéxico dos proxectos obxecto destas axudas, de creación de infraestruturas en Galicia que contribúan a mellorar a contorna das empresas e dos consumidores e a modernizar e desenvolver a base industrial, cun investimento global para a creación da infraestrutura inferior a 20.000.000 €, ocasionan, entre outros, tramitacións necesarias para a adquisición de parcelas, trámites administrativos para a súa legalización, obtención de licenzas e importantes atrasos para o inicio dos proxectos de investimento aprobados, que impedirían a implantación no prazo establecido dos proxectos aprobados”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Ten pensado o Goberno Galego facer público o proxecto presentado polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. que foi subvencionado con 2.500.000€ con número de expediente IG274.2022.1.2? Porque non aparece o expediente desta axuda na páxina web do IGAPE?

2. Baixo que criterios cumpriu os obxectivos destas axudas o proxecto presentado polo Real Club Celta de Vigo S.A.D.? Presentáronse máis proxectos? Cales?

3. Quen formaba parte do órgano avaliador dos proxectos durante o proceso de avaliación dos mesmos?

4. Que sistema de avaliación se utilizou para a concesión desta axuda ao Real Club Celta de Vigo S.A.D.? No caso de proceder, que puntuación obtivo en cada un dos ítems enumerados no Artigo 12 punto 4 das bases reguladoras destas axudas?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/05/2025 12:27:37

Ramón Fernández Alfonso na data 23/05/2025 12:27:51

Alexandra Fernández Gómez na data 23/05/2025 12:28:00

Carmela González Iglesias na data 23/05/2025 12:28:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Rosana Pérez Fernández, Óscar Insua Lema, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o traballo realizado pola Oficina Económica de Galiza dependente do IGAPE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual Oficina Económica existe dende o pasado 1 de xaneiro, momento no que entra en vigor a reformulación da anterior Oficina Doing Business Galicia a través da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Lei de acompañamento) e a supresión da Unidade Galicia Emprende.

Entre as cuestións chave que trataría esta oficina, a cal se organiza dentro do Instituto Galego de Promoción Económica, está a de ser “o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei [Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas] para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e na tramitación das iniciativas empresariais, así como do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais”

Analizando as funcións desta oficina poderíanse resumir en tres apartados:

a) Ser o punto de contacto centralizado e singular para dar información e soporte á hora de materializar novos proxectos empresariais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Valorar aqueles proxectos susceptibles de seren declarados proxectos industriais estratéxicos así como actuar sobre os xa declarados en risco de continuidade.

c) Elaborar un informe anual de actividade.

Así e todo, no mes de setembro [2024] a Conselleira de Economía en Industria, a sra. Maria Jesús Lorenzana, nunha visita ás instalacións da Oficina Económica (no edificio do IGAPE) puxo en valor o traballo realizado por esta oficina dende o mes de abril, onde cuantificaba o número de consultas realizadas en máis de 5000 e puña en valor que este instrumento público conta cun persoal de máis de 100 persoas traballando na oficina.

Deste volume de solicitudes de información, dende a propia administración, salientase o asesoramento personalizado a 146 proxectos.

Se se analizan os proxectos declarados Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en Galiza dende abril, só se anunciaron dous novos proxectos en Consello da Xunta. O primeiro, a reapertura da Mina de Touro-O Pino, proxecto presentado por Cobre San Rafael, cunha declaración de investir preto de 200 millóns de euros, mais só aparece a nivel de nota de prensa, xa que nin no Diario Oficial de Galiza nin na propia páxina da Consellería de Industria se pode atopar información concluínte ao respecto desta declaración como PIE. Na mesma liña se atopa o segundo PIE declarado, a planta de hidróxeno verde Arteixo H2V (que xa fora declarado IEP en decembro de 2023) do que só se coñecen as notas de prensa que trasladou o Goberno Galego.

Se se analiza outra das fórmulas para poñer en valor proxectos empresariais, están as Iniciativas Empresariais Prioritarias (IEP), das cales dende o mes de abril só se declararon dúas novas iniciativas, que no total suman vinte e sete.

En último lugar cando se contrastan estes datos cos do descenso reiterado do Índice de Producción Industrial (IPI) no territorio Galego, onde o último dato de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

variación interanual ofrecido polo Instituto Galego de Estadística (Xuño 2024) situaba unha caída de 3.3 puntos porcentuais deixa en entredito se o conxunto industrial do país se está a ver beneficiado da xestión desta oficina.

Con todo isto, cabe preguntarse se a xestión que se está a realizar dende a tan anunciada Oficina Económica está a dar como resultado unha dinamización real do tecido produtivo galego, se está xustificada a inversión de 6 millóns de euros para unha oficina, que no práctico se pode dicir que xa existía, e como encaixa para o volume de traballo unha dotación de persoal de máis de 100 profesionais.

Así mesmo, cómpre salientar que dentro das funcións de acompañamento e de coordinación entre as empresas que buscan asesoramento hai certo solapamento entre esta oficina e a Oficina de Coordinación Económica dependente da Presidencia da Xunta, a cal, segundo as últimas declaracións do seu secretario xeral en sesión da Comisión 3ª do Parlamento de Galiza, ten por obxectivo promover e coordinar a posta en marcha de proxectos estratéxicos para Galiza. É canto menos curioso que existan dúas entidades de características tan similares dentro do organigrama do goberno galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Como valora o Goberno Galego a eficiencia da Oficina Económica de Galiza en función do número de consultas prestadas e a evolución do tecido empresarial galego?
2. Pensa o Goberno Galego que existe redundancia e solapamento de funcións entre a Oficina Económica de Galiza e a Oficina de Coordinación Económica?
3. Como se xustifica o investimento de 6 millóns de euros en dita oficina?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que criterios de seguimento e asesoramento das consultas realizadas se está a seguir co fin de garantir o desenvolvemento empresarial en Galiza?

5. Como cuantifica o Goberno Galego as consultas realizadas? Canto tempo destina o persoal da oficina no asesoramento das consultas?

6. Cre o Goberno Galego que o balance de declaración de dous PIE e dúas IEP dende abril é positivo para o volume de capital económico, de persoal contratado e de número de solicitudes asesoradas? Cando e como pensa o Goberno Galego poñer en exposición pública estes dous PIEs mencionados na iniciativa?

7. En que modalidade de contratación está o persoal adscrito a esta oficina, cuantificado en máis de 100 profesionais pola conselleira?

8. Que medidas pensa despregar o Goberno Galego para reverter a caída reiterada e continuada do IPI en Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Óscar Insua Lema

Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/05/2025 12:33:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/05/2025 12:34:10

Óscar Insua Lema na data 23/05/2025 12:34:19

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2025 12:34:30

Rosana Pérez Fernández na data 23/05/2025 12:34:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Iria Carreira Pazos e Ariadna Fernández González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a valoración que fai o Goberno Galego respecto ao impacto socioeconómico do proxecto Gamma cuestionado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto Gamma foi declarado unilateralmente como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en 2022, así e todo, cando se deu a coñecer o calado real, a temática completa e o impacto de dito proxecto, xurdiu arredor de todo o país un rexeitamento maioritario á súa implantación.

Comezando por asociacións e organizacións na defensa ambiental até estudos das universidades dende diferentes eidos, o clamor pola paralización do proxectos percorreu o territorio, cristalizando en dúas mobilizacións masivas en Palas de Rei e San Caetano (Santiago de Compostela).

Así e todo, os estudos independentes sobre dito proxecto e o seu impacto seguen a continuar e, alén do prexudicial para o medio e para o patrimonio, está tamén o estudo, segundo os datos facilitados no propio proxecto, do suposto beneficio socioeconómico que traería o proxecto.

Con todo, o mes de setembro de 2024, viuse de coñecer o informe do estudo realizado polo Consello da Cultura Galega onde se analizou o impacto do proxecto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Altri dende unha ampla gama de eidos. Dende o medio ambiente até o turismo pasando, como xa se indicou nesta iniciativa, pola análise do impacto socioeconómico do proxecto.

Este informe, coñecido polo propio Goberno Galego, viu de concluír sobre varias cuestións que son de interese nun panorama puramente socioeconómico:

1) **Emprego:** A declaración de emprego directo e indirecto que se manifesta no proxecto non se axusta á realidade segundo a súa propia memoria. Como reflexa o informe do CCG non hai información cuantitativa que sosteña os datos de 500 empregos directos nin de 2500 empregos indirectos.

A este respecto os cálculos e as estimación que se derivan deste informe sitúan unha estimación á alza de empregos directos de 281 empregos, no caso de sumarlle os indirectos en toda Galiza elevaría ese número até os 544 empregos. Números que, entendendo que están suxeitos a desviacións por propagacións de erros, están moi lonxe dos anunciados pola propia empresa.

2) **Económico:** Neste sentido cabe separar dúas análises feitas polo informe, por un lado o relativo ao investimento previsto e aos resultados económicos do proxecto, e por outro o relativo á capacidade de arrastre do proxecto Gamma de xeito indirecto e inducido.

a) No relativo ao investimento previsto refírese unha carga moi elevada sobre que o 25% do investimento no proxecto estea condicionado a axudas públicas (arredor de 212-250 millóns de €).

Centrándose sobre o resultado económico derívanse catro consideracións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1) O tamaño da industria do proxecto é moi elevado no que a activos se refire, duplica a a media das empresas do CNAE 17.11 no estado español.

2) A facturación é modesta en comparación ao tamaño cun ratio de vendas por volume de activos moi baixo

3) Consumos intermedios moi baixos cun ratio consumos/produción da orde do 48% (cando a media na Galiza para a rama R17 é do 74%), polo tanto ten un impacto indirecto moi baixo (encadeamento cara atrás).

4) Gastos de persoal moi baixos representando, para o proxecto Gamma, apenas o 6,5% do seu gasto (de aquí obtéñense as bases á hora de estimar os empregos que pode pagar, e polo tanto xerar, directamente a empresa).

b) Tendo en conta o resultado da análise da capacidade de arrastre da economía de xeito directo e inducido poden concluírse deste informe 3 cuestións:

1) Boa parte dos impactos indirectos irán a empresas afincadas fóra da Galiza.

2) O impacto indirecto na economía galega apenas sería de 0,30€ por euro de produción

3) No concreto das comarcas afectadas este impacto reduciríase até os 0,08€ por euro producido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3) Proceso industrial e viabilidade da segunda fase do proxecto: Hai unha discrepancia entre as dúas fases do proxecto, por unha banda os datos técnicos do proxecto refírense á produción máxima, no horizonte posterior ao 2030, e os datos económicos só á primeira fase de 2025 a 2030.

O informe do Consello da Cultura Galega pon de manifesto que “*o proxecto Gama desenvolveríase en dúas fases; porén, só é posible realizar unha análise do seu impacto socioeconómico limitada á primeira fase, á que se executaría no período 2025-2030, porque é a única da que existen datos económicos. Na documentación estudada non hai datos relativos aos compromisos, prazos nin financiamento do investimento que requiriría a segunda fase. Polo tanto, no plano económico unicamente existe o proxecto dunha planta que produciría 260.000 ADt/ano de celulosa soluble e 60.000 t/ano de Lyocell no horizonte de 2030*”.

4) Impactos negativos sobre outras actividades económicas: Por último débense considerar os impactos negativos a nivel socioeconómico sobre o territorio no que se pretende implantar o proxecto. Así o informe do CGC establece varias consideracións:

a) Pode aumentar a competencia sobre o uso do solo que nas comarcas afectadas (Ulloa, Arzúa, Melide e Deza) ten unha implantación de uso agrícola e gandeiro consolidado, situando estas comarcas nunha tipoloxía de comarca rural activo.

b) Percíbese a posibilidade dun impacto negativo sobre a actividade turística e a DOP Arzúa-Ulloa.

c) Por último tamén fai fincapé na percepción negativa que se pode ter á hora de consumos agrícolas e gandeiros do territorio afectado co conseguinte descenso da demanda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, este informe ven a sumar outra voz desfavorable á implantación da empresa Altri no corazón de Galiza. Nesta volta desmonta unha das partes máis importantes na defensa do proxecto, que é o seu impacto positivo para a economía e o emprego, rebaixando sobremaneira os datos facilitados pola empresa a este respecto, incluso poñendo de manifesto a falta de rigor en algúns deles.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Como valora o Goberno Galego o informe do Consello da Cultura Galega sobre o proxecto Gamma?
2. Vai tomar en consideración as conclusións que se extraen deste informe no relativo ao impacto socioeconómico de dito proxecto?
3. Por que a Xunta desacreditou o informe do Consello da Cultura Galega admitindo non telo lido?
4. Pensa o Goberno Galego dar marcha atrás na declaración de proxecto industrial estratéxico?
5. Pensa o Goberno Galego denegar a autorización para asentar un proxecto co impacto socioeconómico negativo para as zonas do Ulla. Arzúa, Melide e Deza tal e como establece dito informe?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González,

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/05/2025 12:42:49

Luis Bará Torres na data 23/05/2025 12:43:01

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2025 12:43:12

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/05/2025 12:43:29

Iria Carreira Pazos na data 23/05/2025 12:43:45

Ariadna Fernández González na data 23/05/2025 12:43:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 23/05/2025
13:14
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta reforzar a oferta de produtos culturais en galego para a infancia e a mocidade como axente transformador de normalización lingüística.

Asinado o día 23/05/2025 ás
13:14
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A infancia e a mocidade representa un dos segmentos máis relevantes á hora de analizar as dinámicas de consumo cultural e o futuro da lingua galega.

Coñecer que espazo ocupa este público na programación e produción cultural en lingua galega é determinante para analizar a oferta e a súa adecuación á demanda.

Este obxectivo é importante en calquera contexto lingüístico e cultural, mais é imprescindible cando se tratar dun feito cultural que nace desde unha lingua minorizada e que, nesta altura, presenta unha situación de emerxencia polo devalo progresivo no número de falantes e, por primeira vez, pola falta de competencia nas xeracións máis novas.

Os produtos culturais constitúen un axente potencialmente transformador no proceso de normalización lingüística, polo que planificar unha oferta diversa e plural de oferta positiva na lingua minorizada é fundamental para asegurar un futuro vivo e pleno en todos os usos lingüísticos e espazos de socialización.

Asinado o día 23/05/2025 ás
13:14
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A percepción social entre a oferta e a demanda de produtos culturais en galego foi analizada polo Consello da Cultura Galega en diferentes traballos. A diagnose revela unha clara carencia de oferta en galego para o público infantil e adolescente, nomeadamente en sectores como os xogos de mesa e xoguetes, na ciencia e divulgación, no audiovisual, nos contidos de redes sociais, videoxogos e Internet.

Existe un consenso moi amplo sobre a necesidade de incrementar os contidos en galego dirixidos á infancia e á mocidade, o que explica a forte demanda de reforzo nestes mesmos ámbitos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que accións está a planificar a Xunta para reforzar o apoio por parte da Administración, en colaboración cos sectores culturais galegos, para ensanchar e diversificar a oferta de produtos culturais en galego para a infancia e a mocidade como parte do proceso transformador de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/05/2025 13:14:19

Iria Taibo Corsanego na data 23/05/2025 13:14:26

Daniel Castro García na data 23/05/2025 13:14:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:24:45
Nº Rexistro: 26265
Data envío: 23/05/2025 13:24:45.811

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 13:24:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:24:45
Nº Rexistro: 26265
Data envío: 23/05/2025 13:24:45.811

CSV: BOPGDSPG-96RtUBRWQ-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a defensa dun servizo ferroviario útil na estación da Gudiña-Porta de Galiza e a solicitude de revisión dos horarios dos trens.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente saíron á venda os billetes para viaxar no corredor de alta velocidade Madrid-Galiza para este verán, e atopámonos cunha modificación nas frecuencias e horarios dos trens de alta velocidade que dan servizo á estación da Gudiña – Porta de Galiza, reducindo as frecuencias diarias, ata á metade nalgúns casos, e concentrando as saídas e chegadas nas horas centrais do día, ademais de aumentar os tempos de viaxe cara Vigo, Santiago e A Coruña. Estes novos horarios fanse incompatibles cos usos laborais, sanitarios, educativos e doutros servizos básicos, prexudicando gravemente á veciñanza da comarca e das áreas de influencia da estación.

A estación da Gudiña – Porta de Galiza é unha infraestrutura clave para a mobilidade da poboación do oriente ourensán e zonas limítrofes, especialmente nun contexto de despoboamento e afastamento dos grandes centros sanitarios, administrativos e de comunicación. A perda de frecuencias e a mala adaptación dos horarios supón un retroceso na vertebración do territorio, dificultando o acceso a servizos esenciais, a conciliación familiar, o desenvolvemento económico e incrementando o illamento da zona.

Algúns exemplos de usos afectados son os seguintes:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- **Sanidade:**

- o *Ata agora:* Chegada a Ourense arredor das 9:00 e a Santiago/Vigo sobre as 11:00, con volta ata as 18:50 (Ourense) ou 17:15 (Vigo/Santiago).
- o *A partir de agora:* Chegada a Ourense non antes das 11:00 e volta adiantada ás 17:00. Para Vigo e Santiago, chegada ás 15:30, obrigando a viaxar o día anterior e asumir gastos extra.

- **Estudantado**

Moita xente nova estuda en Ourense, Santiago, Vigo ou Madrid, implicando cos novos horarios dificulten asistir a clases, exames ou regresar á casa as fins de semana.

- **Traballadores**

- o *Ata agora:* Era posible usar o tren para vir traballar á área de influencia da Gudiña-Porta de Galicia e tamén para desprazarse desde aquí a Ourense ou Madrid e volver no día.
- o *A partir de agora:* Os primeiros trens saen moito máis tarde (de 8:30 a 10:30 ou mesmo despois das 12:00), e o último tren adiántase, facendo inviable a viaxe laboral diaria tanto para quen vén coma para quen marcha.

- **Acceso a servizos administrativos e xudiciais:**

Xestións en organismos públicos ou xulgados (trámites, xuízos, oposicións, etc.) requiren chegar cedo ás capitais, o que xa non se pode facer no día.

- **Turismo rural e desenvolvemento local:**

O turismo na zona depende da accesibilidade. Menos trens e peores horarios desaniman as visitas, afectando a casas rurais, restaurantes e tendas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- **Emerxencias e mobilidade ante imprevistos:**

A redución de opcións limita a capacidade de resposta ante emerxencias médicas, familiares ou laborais, aumentando a sensación de illamento.

Ante esta situación e na defensa deste servizo público prioritarios para a veciñanza das comarcas afectadas dende o BNG apoiamos todas as reivindicacións que se están a levar a cabo para que Renfe de marcha atrás nesta redución e cambio de horarios dende a estación Porta de Galiza na Gudiña.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cal é a valoración da Xunta de Galiza respecto a decisión de Renfe de recortar e modificar os servizos ferroviarios de alta velocidade dende a estación de Porta de Galiza na Gudiña?

2. Coñece a Xunta de Galiza os motivos para eliminar os servizos máis útiles para as comarcas afectadas que son os trens das primeiras horas da mañá e a últimas da tarde dende a estación "Porta de Galiza" da Gudiña cara Madrid, e cara a Ourense?

3. Coñece a Xunta de Galiza os motivos para concentrar os servizos de trens dende Porta de Galiza nas horas centrais do día, que é cando menos utilidade presta as veciñas e veciños das comarcas de Monterrei, Viana e Valdeorras'?

4. Que xestións e medidas fixo e adoptou a Xunta de Galiza ante Renfe e o ministerio de transportes para que dera marcha atrás nestas modificacións dos servizos de tren dende a estación de "Porta de Galiza" na Gudiña?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Coñece a Xunta de Galiza o manifesto apoiado por 22 alcaldesas e alcaldes galegos, das comarcas afectadas, 4 de Zamora e os presidentes de 2 cámaras municipais de Portugal?

